

CARLOS CASARES, ESCRITOR DE ALMA AO AIRE

Fina Casalderrey

Escoitan vostedes? Tiña que ser aquí, na capital da comarca da Limia, onde hoxe batese con forza o recordo de Carlos Casares Mouriño. Era de xustiza. Aquí, os latexos da súa memoria son campás de celebración que repican asemade en todos os recunchos do país. Beiro, Sabucedo, Lamas, Xinzo... son espazos tatuados na súa epiderme con tinta permanente e que, como escritor de alma ao aire, fai agromar acotío na súa obra.

Lembran vostedes? Os limiaos tampouco non esquecen, malia a lenda de desmemoria que rodea as augas do río. Quizais por esa razón, para non esqueceren, en Xinzo celebran a *Festa do Esquecemento*. O Limia leva conta do momento en que o neno Carlos estivo a piques de morrer afogado e de cando el mesmo salvou o seu irmán Xavier en circunstancias semellantes. Aquí, no corazón da Limia, onde chegou dende o seu Ourense natal con apenas tres anos, despregou as súas ás de neno curioso para abrir as portas ao mundo das emocións e do coñecemento.

Figúraseme velo, agarimado por ese sol do verán que tanto lle praciá, collido da man de seu pai, mestre de escola en Xinzo, mostrándolle todo o que aprendera nos xogos cos outros rapaces da aldea: “Pai, a que non sabes como se chama esa árbore?”, “E aquel paxaro?” Ou escoitando con ollos redondos de atenta noitebra, nas noitiñas de inverniá, lume morno e luz escasa, algunha daquelas historias da Guerra e das guerrillas que tanto o impresionaban e habían de influír na súa obra futura.

Véxoo colocando nun andel do pequeno moble, construído por el mesmo, un dos libriños que viñan cos paquetes de azafrán, que lle regalaban na tenda de ultramarinos de Xosé Ramón. Ou preguntando no quiosco pola última publicación de *Suchai, el pequeño limpiabotas*: “Chegou *El hombre de la cicatriz?*”, mentres fai tintinar na palma da súa man a peseta e os vinte e cinco céntimos que custaba cada exemplar. Deseguido, o neno lector, acompañado de Suchai, Alondra e Pantera, viaxaba ata o sur de Italia, xusto despois do desembarco dos Aliados, para, impresionado, camiñar polo medio das tropas comandadas polo xeneral Eisenhower, entre os escombros das casas derruídas, rodeado de canto perigo pode imaxinar un neno.

A esta lembranza, conmovido, dedícalle un artigo que recolle o momento en que recibe uns exemplares da devandita publicación:

Confeso que me viñeron as bágoas aos ollos. Os tebeos de Suchai eran tal como os recordaba, pequeniños e apaisados, co rostro do protagonista pintado na portada. Abrín o primeiro e foi como se, de pronto, lembrase todo, tanto o episodio en si como o lugar onde o lin. Non me fixo falta máis para pasar un día completamente feliz.

Imaxínoo coas mans gozosamente esfoladas de tanto limar pedriñas e de amasar barro para construíren, Xavier e mais el, unha vila enteira en miniatura. Mesmo figúraseme velo, despois da sesión de cine das tardes de domingo, no mesmísimo cuarto de proxección, recollendo do chan os recortes da cinta de nitrato de celulosa, que gardaría logo nunha caixiña, cal prezado tesouro.

No ecosistema de Xinzo asistiu Casares á primeira escola do fantástico, aquí enraizou no cerne das esencias galegas e experimentou o feito prodixioso de comprobar que as pequenas cousas poden dar paso a grandes emocións e que, estas, permanecen habitándonos de por vida.

Cando trataba de compoñer o texto que agora lles leo, o primeiro que me veu á cabeza, coma un instantáneo lóstrego, foi a columna en branco que, no xornal onde escribía a diario, deixaran o 10 de marzo de 2002. Aquel domingo ninguén ocupou a atalaia dende a que, sen renunciar ao rigor intelectual, se apegaba á nosa pel para se comunicar co mundo: cos mineiros e cos ministros, con quen militaba na lingua galega e con quen se achegaba por primeira vez. Nunca antes, nin despois, un anaco de xornal aparentemente baleiro dixo tanto! Alí detivémonos xentes de diferente ideoloxía e condición para, no silencio sonoro daquel papel branco, lermos todo o que Carlos Casares fora deitando en nós ao longo da súa frutífera traxectoria profesional e vital. Foi coma un sedimento fondo e máxico nunha poza inmensa na que xerminaba a sombra triste dun exilio inverosímil, que perdía os límites para ser mar.

Si l'on écoute, le silence est sonore, cantou o poeta Francis Viéle Griffin.

E por aquel silencio do xornal, coma cartas de amizade que nos poñían ao día, comezaron a desfilar as súas viaxes, os personaxes que coñeceu, as xentes da Limia, o gato Samuel, os seus trens eléctricos, a súa Harley-Davidson, ramallos de soños, descubrimentos, preocupacións, alegrías..., todo coa sabia e admirable capacidade do columnista, de memoria prodixiosa, quizais tocado pola musa Clío, que consegue o equilibrio entre autenticidade e sedución para trazar a marabilla.

Mais non foron tan só os artigos de “Á marxe” os que deron en superpoñerse naquel papel, aparentemente mudo, que nos sobrecollía. De maneira inesperada, fórase antes o home que o escritor (de feito, acababa de entregar as últimas correccións de *O sol do verán*). Alí, coma nun poliedro de mil caras, coubo o amigo, o mozo xornalista que argallou *El Averno*, imitando á man as columnas dos

periódicos impresos, o poeta, o novelista, o coleccionista, o cinéfilo, o futbolista, o viaxeiro, o profesor, o políglota, o tradutor, o político que participou en botar a andar a Lei de Normalización Lingüística, o ensaísta, o crítico literario, o biógrafo, o editor, o conferenciante, o conversador capaz de engaiolar aos máis variados públicos... Nos encontros de escritores na Casona de Verines (Asturias), aos que tiven oportunidade de asistir, puiden comprobar o pouso de sabedoría e simpatía que deixou o seu persoal *Lingú*, cal Toribio, de comunicador universal. Naquel papel branco, no que confluían todas as cores, coubo, outrosí, un dos pioneiros en escribir, traducir e publicar Literatura Infantil...

Nun dos artigos da sección “A ledicia de ler”, Casares manifesta a súa preocupación pola falta de libros para a infancia na nosa lingua, fala dos prexuízos cara a esta literatura que non hai noutros países nos que os grandes escritores dedican parte da súa obra á xente miúda. “Como consecuencia desta actitude, escribe, en Galicia apenas temos produción propia, de xeito que os nenos e os seus educadores dispoñen dun número moi escaso de lecturas onde escoller”. Aquí quixera determe brevemente para recoñecer a, moito máis ca simbólica, contribución de Casares á LIX. O contexto histórico no que foron publicados tanto o libro de relatos *A galiña azul* coma o texto dramático *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, igual que *Os sonhos na gaiola* de Manuel María, *Polo mar van as sardiñas* de Xohana Torres, *O león e o paxaro rebelde* de Bernardino Graña, *Mar adiante* de M^a Victoria Moreno, ou a segunda edición, por fin en Galicia, do libro fundacional *Memorias dun neno labrego*, é o que os fai, se cadra, máis valiosos. Son libros que abriron un camiño novo nese ermo poboado tan só de silveiras de prexuízos. Sen deixar atrás ás raíces, subiu no Expreso da Literatura para percorrer o mundo e universalizala, tamén a infantil, desprendéndoa de localismos e didactismos.

Tomando emprastadas palabras que Fernández del Riego dedicou a este académico, que con 36 anos acadara méritos dabondo para ingresar na Institución, podo dicir que Casares realizou “o mellor dos enxertos ao unir o seu enraizamento popular co novo, conseguindo así un feitío orixinal”. E, coma unha premonición, Fernández del Riego engadiu: “Somente a mocidade de talento, a orixinalidade de boa lei, se salva da esmagadora tolvaneira do tempo”, e velaquí estamos, corenta anos despois, rendéndolle tan merecida homenaxe.

Casares –sempre un paso por diante, sementando a flor que anima, cal *Principiño* de Exupéry– fuxiu desa idea de que a finalidade dos libros infantís era tan só educar en valores e puxo atención na ironía, no humor absurdo, na metáfora, na hipérbole, é dicir, no valor literario. Os seus libros para a xente miúda pretenden, ante todo, o goce da lectura. Os valores lévanse gravados a lume no ADN e agroman de natural. Quizais por iso, as historias que viñeron despois: *O can Rin e*

o lobo Crispín, Lolo anda en Bicicleta, ou a serie dos *Toribio*, cos xeniais inventos e divertidos nomes, lles arrincan tantos risos.

Ese compromiso contaxioullo a Anna Kristina Berg, a moza sueca que coñeceu nun tren e cuxo momento daría para un delicioso relato de amor. Kristina non só aprende a falar galego senón que se implica na causa de espertar na infancia a conciencia de identidade e, a finais dos 70, publica *Dona Galicia*, un relato que fala da importancia que tivo Galicia en tempos pasados, do prestixio da lingua, da literatura...

En fin...

Son moitas as homenaxes que o persoeiro está a recibir por parte de asociacións culturais, editoriais e institucións diversas (antoloxías, biografías, reedicións, conferencias, simposios, exposicións...). Esta de hoxe é de xustiza, mais non deixa de ser institucional. Talvez, as máis fermosas sexan esoutras que, ateigadas de enxeño e empeño, xorden espontáneas da rapazada e do profesorado de toda Galicia, coma sabedeiros amorodos onda os regueiros. A pouco que naveguemos por esas novas tecnoloxías ás que, por certo, Casares lles abriu axiña as portas, decatáronos da magnitude e repercusión que a súa figura suscita no mundo do ensino.

E non me refiro tan só ao magnífico e exhaustivo traballo do IES de Vigo que leva o seu nome, ou aos Centros de Educación Infantil e Primaria de Xinzo ou de Nigrán, que se honran de levar, tamén, o nome de Carlos Casares. Os Centros de Ensino de toda Galicia son, neste 2017, un fervedoiro de entusiasmo no que poñen música e voz aos seus poemas da maneira máis orixinal que se poidan imaxinar, representan *As laranxas...*, fan teatro de monicreques, curtametraxes, pintan de azul todas as galiñas do mundo, entrevistan aos seus achegados, descubren o seu inmenso legado e, sobre todo, len a súa obra. Pode haber honra maior para un escritor?

En agosto, xusto polo San Bartolomeu, Carlos Casares cumpriría 76 anos. A saber o que podería ter feito nestes anos de ventos feridos para a fala! Castelao, no Adro de *Sempre en Galiza*, refírese ós homes que pasan pola vida predicando as excelencias dunha doutrina, como a “sementadores de teorías” cuxo máximo ideal é convertérense en estatuas de bronce, ou de mármore, trala morte. “Non se decatan –di– de que o verdadeiro heroísmo consiste en trocar os desexos en realidades, as ideas en feitos, pois crear unha doutrina non é apenas outra cousa que facer solitarios filósofos, como loitar con inimigos, no campo da polémica, pode ser, simplemente, un xogo de amor propio. E así, soñar cun futuro remoto e venturoso quizais sexa un divertimento poético, alleo a toda vocación de sacrificio”.

Non foi ese o caso de Carlos Casares. El, coma o propio Castelao, soubo que no compromiso entran os actos, máis ca as palabras. Imaxínoos felices, xuntos,

fantasiando en que, por fin, se recuperou a presenza do galego no ensino e o PXNLG é asumido por toda a sociedade e por todos os poderes, con cabeza, corazón e feitos.

Eu tamén fantasío. Figúraseme velo sentado, quizais nun “sillón azul”, fronte ó mar de Nigrán –consciente de que hoxe a nosa LIX voa por riba dos tellados do mundo sen complexos–, escribindo a máis fermosa das historias infantís, xa non só polo compromiso co país, senón por pura emoción; para Xulia Karin, a neta que non puido coñecer.

Remato cuns versos do poema “Amemos”, que forma parte da triloxía *Poemas de lembranza*, coa que gañou o terceiro premio das Festas Minervais de Compostela, no mesmo ano en que comezou a celebración das Letras Galegas, nas que tanto se implicou:

Amemos
inda que a esperanza turre cara abaixo
a vencellarnos sempre contra nuncas
de campos sen aire e corazóns parados.

Eu só engado:

Amemos, poñamos o corazón e a lingua a andar por un país con máis domingos no almanaque.

Soñar é un dereito necesario.